

MEMORIA ABREVIADA

Datos identificativos da fundación.

FUNDACIÓN: ROSALÍA DE CASTRO

Nº DE REXISTRO: 40

A MATANZA – PADRÓN

15917 – A CORUÑA

C.I.F. : G15040850

EXERCICIO: 01/01/2019 A 31/12/2019

ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA FUNDACIÓN NO ANO 2019

- Concerto da pianista Aida Saco interpretou diversas pezas no piano da familia de Rosalía o 4 de xaneiro
- O 1 de febreiro o presidente da Fundación participou nos actos de inauguración da exposición de fotografías titulada *Airiños, Aires, Rosalía*, de Xurxo Lobato, celebrada en Vilagarcía de Arousa.
- O 21 de febreiro procedeuse a plantar na horta desta Casa Museo un retoño do carballo de Guernica que contou coa participación da presidenta das Xuntas Generales de Bizkaia, Ana Otadui.
- O 21 de febreiro presentouse no auditorio do concello de Rois o número 3 da revista *Follas Novas*.
- O 22 de febreiro celebrouse a segunda gala rosaliana organizada polo Concello de Padrón en colaboración con esta Fundación que consistiu nunha ofrenda floral ante a estatua da escritora no paseo do Espolón e nun recital de poesía e, pola tarde, na presentación do libro gañador do IV Certame Poético Rosalía de Castro e a proxección do vídeo *Caldo de Gloria*.
- O 23 de febreiro a Casa-Museo acolleu a estrea da peza “*Caldo de Gloria*”, composta por Loliña Mosquera e arranxada por Braulio Cao, director da Banda Municipal de Padrón, que interpretou o tema xunto coa Coral Polifónica da vila.
- O 24 de febreiro a Fundación celebrou este día participando na primeira alborada de Rosalía na praza de Vigo de Santiago de Compostela para, a continuación, facer a ofrenda floral ante a estatua de Rosalía na alameda compostelá e rematar cun acto institucional celebrado na capela do Hostal dos Reis Católicos. Pola tarde, os actos trasladáronse a Casa Museo onde tivo lugar un concerto de Canto D’Aquí e Iria Estévez, e a elaboración do *Caldo de Gloria* pola escritora Leticia Costas e as mulleres de Mazaricos.
- Presentación, o un de marzo, do libro de Pere Tobaruela, titulado *Auga e Lume*, publicación gañadora do VIII Premio Meiga Moira de literatura infantil e xuvenil
- Celebración do día da Poesía.
- Colaboración coa Andaina bisbarra do Sar.
- Celebración día da Poesía
- O 23 de marzo levouse a cabo o III Encontro de Fundacións e Casas-Museos de Escritores e Escritoras de Galicia.
- O tres de abril realizouse o Roteiro Rosaliano “*Padrón polos camiños*” guiado polo escritor e profesor Manuel Lorenzo Baleirón.
- Incorporación de tres pezas, dous cadros e unha paleta de Ovidio, aos fondos do Museo. Son dous óleos, *Labrando a terra* e *Paisaxe galega con figura*.

Fundación Rosalía de Castro

Memoria Económica 2019

Datos expresados en euros

- **A Fundación Rosalía de Castro e a Universidade de Vigo organizaron unha nova edición dos Encontros na Casa de Rosalía, unhas xornadas de reflexión sobre a figura e obra da autora padronesa. Participaron a escritora e tradutora galega Tamara Andrés e os docentes da Universidade de Vigo, Alexandre Rodríguez Guerra e Montse Ribao**
- **Celebración do día do libro.**
- **O 15 de maio presentouse no salón de plenos do concello de Mugar dos o terceiro número da revista Follas Novas.**
- **O 16 de maio Manuel Gutiérrez presentou o seu último disco titulado Norte na Casa Museo onde interpretou varias pezas no piano.**
- **Celebración día das Letras Galegas**
- **O 23 de maio o presidente da Fundación, Anxo Angueira, xunto con Xosé Ramón Barreiro Fernández e Xosé Luís Axeitos presentaron o libro Cartas a Murguía III (1885-1923) en Padrón.**
- **O 28 de maio a Fundación participou no acto organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para entregar os premios do I Certame Escolar de Podcast en Galego Xosé Mosquera ao alumnado del IES de Foz polo seu traballo Antón Fraguas en directo, IES Pedras Rubias de Salceda de Caselas e ao CEIP Nicolás del Río de Cedeira.**
- **O 6 de xuño no auditorio da Casa Museo desenvolveuse o espectáculo de poesía titulado As mulleres de Rosalía, dirixido por Ana Blanco.**
- **O 7 de xuño realizouse a entrega dos premios do VII certame Rosalía de Castro de poesía escolar para o alumnado de Secundaria e Bacharelato.**
- **O 8 de xuño o auditorio da Casa Museo acolleu o concerto da coral Viva Voz de Oeiras, Lisboa.**
- **Durante os días 11, 12 e 13 de xullo realizouse o proxecto Rosalía en camiño apadriñado por O teu Xacobeo, no que varios integrantes do Colectivo de Poetas de Bruxelas fixeron lecturas con motivo da presentación do libro multilingüe Rosalía en camiño. Os lugares elixidos foron: o Panteón de Galegos Ilustres en San Domingos de Bonaval en Santiago de Compostela, a Fundación Eduardo Pondal en Ponteceso e o auditorio da Casa-Museo Rosalía de Castro.**
- **O 14 de xullo as instalacións da Casa de Rosalía, en Padrón, acolleron a segunda edición do festival Abride a fiestra, na que durante o sábado e o domingo se celebraron diferentes manifestacións culturais que tiveron a Rosalía como figura central. Entre os protagonistas destes actos estiveron, no eido musical, Cristina Pato, Roberto Comesaña, Davide Salvado, Ugia Pedreira, Secho, Paco Nogueiras e a Coral de Padrón. Ademais celebrouse unha xornada de portas abertas, unha feira con produtos rosalianos e visitas guiadas por personaxes coñecidos ou especialistas, como o escritor Pedro Feijoo, o deseñador Pepe Barro, o**

Fundación Rosalía de Castro

Memoria Económica 2019

Datos expresados en euros

expresidente da RAG Xosé Luís Méndez Ferrín, o profesor Francisco Rodríguez, o estudoso da horta rosaliana Carlos Dacal e a poeta Olga Novo. O domingo, a Fundación Rosalía de Castro concedeulle a Rosa de Galicia á familia de Xosé Villar Granjel, persoa clave na recuperación e compra da Casa da Matanza.

- O 24 de xullo o presidente da Fundación, Anxo Angueira, participou na presentación en Mugar dos traballos de investigación de Henrique Sanfiz, Jorge Gómez, Miguel Rodríguez y Xan Carneiro titulados “A festa do Seixo na beira do mar.... RdC e a fábrica”.
- O 3 de agosto celebrouse a xa tradicional Inchadiña branca vela onde vinte e sete embarcacións tradicionais, con base en varios portos de toda Galicia, saíron dende a praia fluvial do Vilarello, en Valga, e remontaron os ríos Ulla e Sar para homenaxear a Rosalía de Castro. En Padrón, realizaron unha ofrenda floral diante da escultura da poeta.
- O 4 de setembro presentouse a exposición Inchadiña branca vela no concello de Dodro.
- O 13 de setembro a Fundación foi visitada polos alumnos e alumnas do Colexio Santiago Apóstolo de Bos Aires
- O 26 de setembro, a Fundación participou no Día Europeo das Linguas, adicado a Rosalía de Castro, mediante a lectura de textos da escritora no Museo das Peregrinacións.
- No mes de setembro realizáronse varias visitas teatralizadas organizadas pola concellería de Turismo do concello de Padrón conducidas dentro da Casa Museo pola compañía de teatro Os Quinquilláns Estas visitas enmárcanse dentro do proxecto denominado Camiño Branco de Rosalía, dentro do programa O teu Xacobeo, impulsado pola consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.
- O 6 de outubro o presidente da Fundación, Anxo Angueira, asistiu ao acto central do Domingo das Mozas no San Froilán de Lugo: a ofrenda a Rosalía de Castro.
- O 16 de outubro a Fundación acolleu a presentación de “Fuxir de Proxería”, de Manuel Blanco Desar
- O 26 e 27 de outubro a Casa – Museo foi o lugar elixido pola Asociación de Gaiteiros para celebrar unhas Xornadas sobre Frauta e Tambor denominada "Con tres dedos e un pau"
- O 26 o cantor guardés Tino Baz presentou o seu disco titulado: Si cantan es ti que cantas sobre poemas de Rosalía de Castro.
- O 28 de outubro a Agrupación Astronómica Coruñesa promoveu unha campaña, en colaboración coa Fundación Rosalía de Castro, para poñerlle o nome da autora padronesa á estrela HD 149143, e Río Sar ao seu planeta HD149143b

Fundación Rosalía de Castro

Memoria Económica 2019

Datos expresados en euros

- **A Fundación participou na compañía que impulsou o Concello de Padrón para que a figueira da Casa de Rosalía fose candidata ao premio nacional Árbores do ano 2020, iniciativa da entidade Bosques sin Fronteras.**
- **O 5 de decembro celebrouse na Fundación Xornada do Seminario Internacional sobre Rosalía “Afecto, memoria e lugar. Herbario de Rosalía con María López Sáñez.**
- **O 6 de decembro actuou no auditorios a compañía de teatro Os Gazafellos co espectáculo Iriña Bailarina.**
- **O 17 de decembro: Estrela Rosalía**
- **Concerto de fin de ano: Terela Gradín e Luís Giménez**

PROGRAMACIÓN ABERTA AO LONGO DO ANO

Atención anual a un número elevado de peticións de entrevistas promocionais sobre Rosalía procedentes de diversos medios de comunicación, produtoras audiovisuais e institucións. Recepción puntual de autoridades, personalidades, investigadores e estudosos da obra ou vida de Rosalía.

Outras accións:

Atención a :

- Centro de Estudos Rosalíanos
- Ampliación da Biblioteca Rosaliana
- Ampliación da Biblioteca de Poesía Galega Contemporánea
- Envío gratuito de lotes de libros aos centros culturais, asociacións, etc...
- Continuación dos traballos de catalogación, ordenación e clasificación dos fondos da biblioteca do CER e do Arquivo da Casa Museo.

Beneficiarios ou usuarios das actividades:

Poderán ser beneficiarios da Fundación as persoas físicas e xurídicas, sen discriminación ningunha, en relación cos fins da Fundación. A determinación dos beneficiarios efectuarase polo Padroado con criterios de imparcialidade e non discriminación.

1.4-Recursos Humanos empregados


	Nº de persoas	Total horas / año
Persoal asalariado	3	3297
Persoal Voluntario no remunerado		

Actividade da fundación en Internet.

Fundación Rosalía de Castro

Memoria Económica 2019

Datos expresados en euros



BALANCE ABREVIADO NO PECHE DO EXERCICIO 2019				
FUNDACIÓN: ROSALÍA DE CASTRO				
Nº CONTAS	ACTIVO	NOTAS DA MEMORIA	2019	2018
	A) ACTIVO NON CORRENTE		883.866,97	881.138,93
20,(280), (2830),(290)	I. Inmobiliado intanxible			
240,241,242,243,244,249,(299)	II. Bens do patrimonio histórico			
21,(281),(2831),(291),23	III. Inmobiliado material		883.866,97	881.138,93
22,(282),(2832),(292)	IV. Investimentos inmobiliarios			
2503,2504,2513,2514,2523,2524,(2593), (2594),(293),(2943),(2944),(2953),(2954)	V. Investimentos en entidades do grupo e asociadas a longo prazo			
2505,2515,2525,(2595),260,261,262,263,264,265, 267,268,(269),27,(2945),(2955),(297),(298)	VI. Investimentos financeiros a longo prazo			
474	VII. Activos por imposto diferido			
	B) ACTIVO CORRENTE		75.732,64	70.337,85
30,31,32,33,34,35,36,(39),407	I. Existencias		26.692,34	26.692,34
447,448,(495)	II. Usuarios e outros debedores da actividade propia			
430,431,432,433,434,435,436,(437),(490), (493),440,441,446,449,460,464,470,471, 472,558,544	III. Debedores comerciais e outras contas para cobrar		38.446,50	23.173,01
5303,5304,5313,5314,5323,5324,5333,5334, 5343,5344,5353,5354,(5393),(5394),5523, 5524,(593),(5943),(5944),(5953),(5954)	IV. Investimentos en entidades do grupo e asociadas a curto prazo			
5305,5315,5325,5335,5345,5355,(5395),540, 541,542,543,545,546,547,548,(549),551, 5525,5590,5593,565,566,(5945),(5955), (597),(598)	V. Investimentos financeiros a curto prazo			
480,567	VI. Periodificacións a curto prazo			
57	VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes		10.593,80	20.472,50
	TOTAL ACTIVO (A+B)		959.599,61	951.476,78

D. Xosé Carlos Beiró
Secretario

Vº Pr.
D. Anxo Angueira Viturro
Presidente

Fundación Rosalía de Castro

Memoria Económica 2019

Datos expresados en euros

Nº CONTAS	PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS DA MEMORIA	2019	2018
	A) PATRIMONIO NETO		923.167,76	935.420,11
	A-1) Fondos propios		817.687,88	829.940,23
	I. Dotación fundacional		601.012,10	601.012,10
100	1. Dotación fundacional		601.012,10	601.012,10
(103)	2. (Dotación fundacional non exixida)			
111,113,114,115	II. Reservas		231.653,41	231.653,41
120,(121)	III. Excedentes de exercicios anteriores		-2.725,28	-1.608,96
129	IV. Excedente do exercicio		-12.252,35	-1.116,32
133,1340,137	A-2) Axustes por cambio de valor			
130,131,132	A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos		105.479,88	105.479,88
	B) PASIVO NON CORRENTE		1.483,57	1.483,57
14	I. Provisións a longo prazo		1483,57	1483,57
1605,170	II. Débedas a longo prazo			
1625,174	1. Débedas con entidades de crédito			
1615,1635,171,172,173,175,176,177,179,	2. Acredores por arrendamento financeiro			
180,185,189	3. Outras débedas a longo prazo			
1603,1604,1613,1614,1623,1624,1633,1634	III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a longo prazo			
479	IV. Pasivos por imposto diferido			
181	V. Periodificacións a longo prazo			
	C) PASIVO CORRENTE		34.948,28	14.573,10
499,529	I. Provisións a curto prazo			
5105,520,527	II. Débedas a curto prazo		21.577,00	
5125,524	1. Débedas con entidades de crédito		21.577,00	
500,505,506,509,5115,5135,5145,521,522,	2. Acredores por arrendamento financeiro			
523,525,528,551,5525,5530,5532,555,5565,	3. Outras débedas a curto prazo			
5566,5595,5598,560,561,569	III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a curto prazo			
5103,5104,5113,5114,5123,5124,5133,5134,5143,	IV. Beneficiarios-acreedores			
5144,5523,5524,5563,5564	V. Acredores comerciais e outras contas para pagar		13.371,28	14.573,10
412	1. Provedores		1280,00	
400,401,403,404,405,(406)	2. Outros acredores		12.091,28	14.573,10
410,411,419,438,465,466,475,476,477	VI. Periodificacións a curto prazo			
485,568	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)		959.599,61	951.476,78

D. Xosé Carlos Beiró
Secretario

Vº Pr.
D. Anxo Angueira Viturro
Presidente

Fundación Rosalía de Castro

Memoria Económica 2019

Datos expresados en euros

CONTA DE RESULTADOS ABREVIADA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO REMATADO O 31 DE DECEMRO DE 2019

FUNDACIÓN: ROSALÍA DE CASTRO

Nº CONTAS	Nota	(Debe) Haber	
		2019	2018
	A) Excedente do exercicio		
	1. Ingresos da actividade propia	149.008,17	146.355,70
720	a) Cotas de asociados e afiliados		
721	b) Achegas de usuarios		
722,723	c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións	8.330,70	16.330,70
740,747,748	d) Subvencións, doazóns e legados imputados ao excedente do exercicio	140.677,47	130.025,00
728	e) Reintegro de axudas e asignacións		
	2. Gastos por axudas e outros		
(650)	a) Axudas monetarias		
(651)	b) Axudas non monetarias		
(653),(654)	c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno		
(658)	d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados		
(6930),71*,7930	3. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación		
73	4. Traballos realizados pola entidade para o seu activo		
(600),(601),(602),6060,6061,6062,6080,	5. Aprovisionamentos	-10.767,22	-9.338,80
6081,6082,6090,6091,6092,610*,611*,612*,			
(607),(6931),(6932),(6933),7931,7932,7933			
75	6. Outros ingresos da actividade	61.423,62	54.591,13
(640),(641),(642),(643),(644),(649),7950	7. Gastos de persoal	-58.341,16	-58.623,25
(62),(631),(634),636,639,(655),(694),(695),	8. Outros gastos da actividade	-152.137,25	-117.582,59
794,7954,(656),(659)			
(68)	9. Amortización do inmovilizado	-1.158,86	-9.751,31
745,746	10. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ao excedente do exercicio.		
7951,7952,7955,7956	11. Exceso de provisións		
(690),(691),(692),770,771,772,790,791,792,	12. Deterioración e resultado por alleamentos do inmovilizado		-6.000,00
(670),(671),(672)			
	A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12)	-11.972,70	-349,12
760,761,762,767,769	13. Ingresos financeiros		
(660),(661),(662),(664),(665),(669)	14. Gastos financeiros		-767,20
(663),763	15. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros		
(668),768	16. Diferenzas de cambio		
(666),(667),(673),(675),(696),(697),(698),	17. Deterioración e resultado por alleamentos de instrumentos financeiros		
(699),766,773,775,796,797,798,799			
	A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (13+14+15+16+17)	0,00	-767,20
	A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	-11.972,70	-1.116,32
(6300)*,6301*(,633),638	18. Impostos sobre beneficios	-279,65	
	A.4) Variación de patrimonio neto recoñecida no excedente do exercicio (A.3+18)	-12.252,35	-1.116,32
	B) Ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto		
940,9420	1. Subvencións recibidas		
941,9421	2. Doazóns e legados recibidos		
(800),(89),900,991,992,(810),910,(85),95	3. Outros ingresos e gastos		
(8300)*,8301*(,833),834,835,838	4. Efecto impositivo		
	B.1) Variación de patrimonio neto por ingresos e gastos recoñecidos directamente no patrimonio neto (1+2+3+4)		
	C) Reclasificacións ao excedente do exercicio		
(840),(8420)	1. Subvencións recibidas		
(841),(8421)	2. Doazóns e legados recibidos		
(802),902,993,994,(812),912	3. Outros ingresos e gastos		
8301*(,836),(837)	4. Efecto impositivo		
	C.1) Variación de patrimonio neto por reclasificacións ao excedente do exercicio (1+2+3+4)		
	D) Variacións de patrimonio neto por ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto (B.1+C.1)		
	E) Axustes por cambios de criterio		
	F) Axustes por erros		
	G) Variacións na dotación fundacional	601.012,10	601.012,10
	H) Outras variacións	228.928,13	226.764,63
	I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)	817.687,88	826.660,41

* O seu signo pode ser positivo ou negativo

D. Xosé Carlos Beiró
Secretario

Vº Pr.
D. Anxo Angueira Viturro
Presidente

Fundación Rosalía de Castro

Memoria Económica 2019

Datos expresados en euros

BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

1. Imaxe fiel

As contas anuais abreviadas preparáronse a partir dos rexistros contables da Fundación, aplicando as disposicións legais en materia contable co obxecto de mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Fundación; de conformidade co o Real Decreto 1514/2007.

2. Principios contables non obrigatorios aplicados

Non existen principios contables non obrigatorios aplicados

3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza

A preparación das contas anuais abreviadas esixe o uso por parte da Fundación de certas estimacións e xuízos en relación co futuro que se avalían continuamente e se basean na experiencia histórica e outros factores, incluídas as expectativas de sucesos futuros que se cren razoables baixo as circunstancias.

As estimacións contables resultantes, por definición, poden non igualar aos correspondentes resultados reais. A continuación inclúense aqueles aspectos da xestión na que as estimacións e xuízos poden ter un risco significativo de dar lugar a un axuste material nos valores nos libros dos activos e pasivos dentro do exercicio financeiro seguinte:

- Aceptación por parte do organismo subvencionador dos gastos xustificadas no cumprimento das subvencións reintegrables.
- Xuízos empregados na determinación de provisións e continxencias
- Perdas pola deterioración de determinados activos

As estimacións realizadas detalláronse, no seu caso, en cada unha das notas explicativas dos epígrafes do balance. Estas estimacións realizáronse en función da mellor información dispoñible sobre os feitos analizados. Non obstante, é posible que acontecementos que poidan ter lugar nun futuro obriguen a modificalas, o que se faría conforme ao establecido na norma de valoración 22 do Plan Xeral de Contabilidade.

4. Comparación da información

As contas anuais preséntanse de acordo co Plan Xeral de Contabilidade aprobado polo Real Decreto 1514/2007 do 16 de novembro, (B.O.E. 20/11/07), e o plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas empresas aprobado polo R.D. 1515/2007, do 16 de novembro (B.O.E. 21/11/07), para os exercicios que se inicien a partir desta data e que entrou en vigor o 1 de xaneiro do 2008.

5. Agrupación por partidas

Non hai ningunha agrupación de partidas no balance nin na conta de perdas e ganancias.

6. Agrupación por partidas

Non hai ningún elemento recollido en varias partidas

Fundación Rosalía de Castro

Memoria Económica 2019

Datos expresados en euros

7. Cambio en criterios contables

Non houbo ningún cambio nos criterios contables

8. Corrección de erros

Non hai corrección de erros no balance da fundación

NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN:

Os criterios contables aplicados en relación cas seguintes partidas son:

1. Inmovilizado intanxible

Os activos intanxibles están compostos polos dereitos susceptibles de valoración económica, identificables, que teñen carácter non monetario e carecen de aparencia física.

A novidade que incorpora a definición é que, aparte de cumprir coa definición de activo do marco conceptual (control, que poida medirse de unha forma fiable e que teñan capacidade para aportar beneficios económicos), sexa identificable, o que implica cumprir unha das dúas seguintes condicións:

- Que sexan separables, isto é, que poidan ser vendidos, cedidos, entregados para a súa explotación, arrendados ou intercambiados, xa sexa individualmente ou xunto con outros activos ou pasivos cos que garde relación.
- Que xurdan de dereitos legais ou contractuais, con independencia de que sexan transferibles ou separables da empresa.

A esixencia de identificabilidade nos activos intanxibles implica que cando non se produce e se paga por dito activo e, por exemplo, se trate de un fondo de comercio, cuestións como a lealdade da clientela, a confianza nos provedores, o dispoñer de unha cota de mercado, o ter un equipo humano formado, etc., todos eses elementos favorables de cara a obtención de fluxos de caixa futuros pero, ningún de ditos conceptos se pode separar si non hai ningún dereito contractual que permita rexistralo por separado.

Os criterios de valoración do inmovilizado intanxible recóllense nas normas 5 e 6 del PXC 07. A norma 5 establece a valoración inicial e posterior, mentres que na norma 6 régulanse as normas particulares sobre o inmovilizado intanxible.

2. Patrimonio Fundacional

O patrimonio da Fundación está integrado:

- Pola dotación inicial, composta polos bens transmitidos polo Padroado Rosalía de Castro e que se compón de:
 - a) A Casa Museo de Rosalía, Auditorio, Centro de Estudos Rosalíanos, Sala de Xuntas e Almacén, Aseo, Cuarto de Caldeiras e Horta, situados no lugar da Matanza (parroquia de Iria Flavia, concello de Padrón, provincia de A Coruña), todo o seu equipamento e contido, mobiliario, libros e documentos, segundo se recolle na escritura de transmisión do Padroado á Fundación.

Fundación Rosalía de Castro

Memoria Económica 2019

Datos expresados en euros

b) O Mausoleo do Rosalía de Castro, situado na Igrexa de San Domingos de Bonaval en Santiago de Compostela, así como a campa que acubillou antes o seu Corpo no cemiterio de Adina, en Iria Flavia (Padrón – A Coruña)

c) Todos os demais bens transmitidos polo “Padroado Rosalía de Castro”, recollidos na escritura de transmisión.

- Calquera outro ben ou dereito que, no sucesivo, adquira a Fundación a título oneroso ou gratuíto de entidades públicas e de particulares, en especial subvencións, doazóns, herdanzas ou legados con carga, previos os trámites que sinalen as Leis.

Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación e constar no seu inventario que revisará e aprobará anualmente o Padroado e no Rexistro de Fundacións. Os que sexan susceptibles de inscrición, inscribiranse nos rexistros correspondentes. Os fondos públicos e valores mobiliarios deberán depositarse ao seu nome nos establecementos financeiros.

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio, así como as rendas que se produzan, quedarán vinculados dunha maneira directa e inmediata ao cumprimento dos fins que persegue a Fundación.

Poderán adscribirse ao Patrimonio Fundacional bens e dereitos sen que isto implique a transmisión de dominio. Esta clase de bens e dereitos deberán figurar no balance da entidade polo seu valor de cesión debidamente separados daqueles que fosen adquiridos ou se adquirisen no exercicio da actividade da Fundación e, polo tanto, deben estar incorporados ao seu patrimonio. A Fundación non poderá alienar nin dar de baixa ningún elemento ou equipo que figure en réxime de cesión sen obter a autorización dos órganos que llo adscribisen.

3. Inmobilizado material

Concepto

O immobilizado material está constituído polos elementos patrimoniais tanxibles, mobles ou inmobles. Trátase, polo tanto, de bens que se empregan na actividade permanente e produtiva da empresa, teñen polo xeral unha vida útil predeterminada, que transcende á duración dun exercicio económico, condicionada polo desgaste e a evolución tecnolóxica e que non están destinados á venda.

Elementos integrantes

Os elementos integrantes do immobilizado material están comprendidos no subgrupo 22 do PXC, o cal reúne as seguintes contas:

220 Terreos e bens naturais.
221 Construcións.
222 Instalacións técnicas.
223 Maquinaria.
224 Ferramenta..
225 Outras instalacións.
226 Mobiliario.
227 Equipos para procesos de información.
228 Elementos de transporte.
229 Outro immobilizado material.

Obsérvase que o denominador común de todos estes bens é o seu carácter permanente.

Carácter de permanencia

Estes elementos son permanentes porque seguen formando parte do patrimonio empresarial durante un prazo superior ao exercicio económico. Ó fío do anterior, non se poderían considerar integrantes do inmovilizado material da empresa:

- Os traballadores fixos, xa que os recursos humanos nunca forman parte do patrimonio.
- Locais, vehículos e bens de esta categoría alugados pola organización para o seu uso e goce.
- Ferramentas manuais non incorporadas as máquinas cuxo período de utilización se estime inferior ao ano.
- Os moldes e modelos que se empreguen para encargos illados.
- Os envases, embalaxes, pezas de recambio e repostos, así como o material de oficina, susceptibles de almacenamento por un período de tempo inferior ao ano.

A composición do inmovilizado material dunha empresa está delimitada, na gran medida, pola actividade á que esta se dedique. De todos modos, sería conveniente diferenciar entre aqueles bens que se empregan na realización do proceso produtivo e aqueles que son alleos a explotación. Un claro exemplo de estes últimos son as salas dispostas para a exposición de obras de arte de unha entidade financeira.

O seu destino non é a venda

Os produtos que fabrica a empresa, ou os servizos que presta, están destinados á venda. En cambio, os elementos do inmovilizado material poden ser vendidos, pero non é unha operación habitual. A pesar diso, é interesante saber canto valen hoxe no mercado de segunda man, e dicir, cales son os seus valores presentes do mercado, como se verá máis adiante.

Así, nunha empresa que fabrica e comercializa mobles de oficina, hai que distinguir o mobiliario destinado a venda –que non forma parte do seu inmovilizado material– e dos mobles das súas oficinas e demais dependencias. Os segundos pódense vender, pero en principio mantenos para o exercicio da súa actividade empresarial, e están incluídos no seu inmovilizado material.

Rexistro

Os elementos de inmovilizado material son bens, polo que figuran no activo do balance. É importante que no balance se separe o inmovilizado que se emprega no exercicio da súa actividade produtiva do inmovilizado alleo a explotación.

No libro Maior rexístranse sinteticamente os elementos integrantes mediante contas diferentes.

No libro Diario reflíctense cronoloxicamente todas as operacións mediante os oportunos asentos. O rexistro de estes bens, que se irá ampliando a medida que avance a explicación, será:

Entradas ou aumentos da valoración de calquera de estes bens. A operación máis habitual é a compra dun destes activos. En definitiva, a empresa consigue un inmovilizado por un prezo determinado, que paga ou deixa a deber.

Fundación Rosalía de Castro

Memoria Económica 2019

Datos expresados en euros

FUNDACIÓN: ROSALIA DE CASTRO

INVENTARIO AO PECHE DO EXERCICIO 2019

BENS E DEREITOS						
DESCRIPCIÓN DO ELEMENTO	DATA DE ADQUIS.	VALOR CONTABLE TOTAL	OUTRAS VALORACIONES REALIZADAS	AMORTIZ, DETERIORO E OUTRAS PARTIDAS COMPENSADORAS	CARGAS E GRAVÁMENES	OUTRAS CIRCUNSTANCIAS
INMOBILIZADO MATERIAL						
Terreos e Bens Naturais						
Construcións						
CASA MUSEO DA MATANZA	24-07-49	475.000,00 €				
Instalacións técnicas						
INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS		4.500,00 €		450,00 €		
Maquinaria						
MAQUINARIA XARDIN		4.275,00 €				
CORTACESPED MARINAMX52S	26-07-2019	800,00 €		41,89		
Outros inmovilizados materiais						
MOBILIARIO		26.850,00 €				
MOBILIARIO VARIOS CADROS		33.000,00 €				
EQUIPOS PARA PROCESO DE INFORMACIÓN		6.902,00 €				
EQUIPOS DE SON		3.600,00 €				
EQUIPO DE PROYECCIÓN		4.500,00 €				
SISTEMAS PROYECCION		2.700,00 €				
VOLUMES LIBROS		50.300,00 €				
OUTRO INMOBILIZADO MATERIAL		53.111,00 €				
MULTIFUNCION HP 6600		102,00 €				
BUSTO ROSALIA	14-05-2014	783,00 €				
11 VITRINAS DE MADEIRA CON ILUMINAC. INTERIOR	27-06-2017	11.877,05 €				
TV 70" SAMSUNG	28-03-2017	2.205,78 €				
TV 24" SAMSUNG	28-03-2017	1.190,04 €		227,41 €		
PROXECTOR 300" FONESTAR	28-03-2017	934,13 €				
NOTBOOK LENOVO C110	20-10-2017	360,00 €				
3 CUADROS, OBRAS DE OVIDIO MURGUIA	21-08-2018	4.000,00 €				
VITRINA CON ILUMINACION	03-12-2019	2.286,90 €		18,17 €		
Inmovilizacións materiais en curso						
INMOBILIZADO INTANXIBLE						
Investigación						
(Descrición)						
Desenrolo						
(Descrición)						
Concesións administrativas						
(Descrición)						
Propiedade industrial e intelectual						
(Descrición)						
Aplicacións informáticas						
(Descrición)						
Outro inmovilizado intanxible						
AUDIOVISUAIS: A FAMILIA, MULLER INTELE. TRANSVERSAL	23-06-2017	13.000,00 €				
BENS DO PATRIMONIO HISTÓRICO						

D. Xosé Carlos Beiró
Secretario

Vº Pr.
D. Anxo Angueira Viturro
Presidente

Fundación Rosalía de Castro

Memoria Económica 2019

Datos expresados en euros

ROSALIA DE CASTRO

Bens Inmóbles						
(Descrición)						
Arquivos						
(Descrición)						
Bibliotecas						
Museos						
CENTRO DE ESTUDIOS ROSALIANOS CER	03-02-95	225.000,00 €				
Bens móbiles						
(Descrición)						
Outros bens de valor histórico-artístico non incluídos na Lei 16/1985						
(Descrición)						
INVERSIONS INMOBILIARIAS						
Terreos e bens naturais						
(Descrición)						
Construcións						
(Descrición)						
INVERSIONS FINANCEIRAS A LONGO PRAZO EN ENTIDADES DO GRUPO E ASOCIADAS						
Valores negociables						
(Descrición)						
Préstamos e outros créditos concedidos						
(Descrición)						
OUTRAS INVERSIONS FINANCEIRAS A LONGO PRAZO						
Valores negociables						
(Descrición)						
Préstamos e outros créditos concedidos						
(Descrición)						
(Descrición)						
Fianzas e depósitos constituídos						
(Descrición)						

Fundación Rosalía de Castro

Memoria Económica 2019

Datos expresados en euros

FUNDACIÓN: ROSALIA DE CASTRO

INVENTARIO Ó PECHE DO EXERCICIO 2019

DÉBEDAS						
	DESCRIPCIÓN DA DÉBEDA	DATA DE FORMALIZ.	VALOR NOMINAL	VALOR DE REEMB.	IMPORTES AMORTIZADOS OU DEVUOLTOS	INTERESES SATISF.
A LONGO PRAZO	DÉBEDAS CON ENTIDADES DE CRÉDITO					
	(Descrición)					
	(Descrición)					
	ACREEDORES POR ARRENDAMENTOS FINANCEIROS					
	(Descrición)					
	(Descrición)					
	DÉBEDAS CON ENTIDADES DO GRUPO E ASOCIADAS					
	(Descrición)					
	(Descrición)					
	PROVEEDORES DE INMOBILIZADO					
	(Descrición)					
	(Descrición)					
	POR SUBVENCÍONS REINTEGRABLES					
	(Descrición)					
	(Descrición)					
	POR FIANZAS, GARANTÍAS E DEPÓSITOS RECIBIDOS					
	(Descrición)					
	(Descrición)					
	OUTRAS DÉBEDAS					
	PROVISIONS OBRAS E REPARACÍONS					
A CURTO PRAZO	OUTRAS DÉBEDAS A C/P					
	OUTROS PROVEDORES		13.371,28 €			
	PROVISION PARA OPERACÍONS DE SUBVENCIONS					
	(Descrición)					

D. Xosé Carlos Beiró
Secretario

Vº Pr.
D. Anxo Angueira Viturro
Presidente